XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Medios

galicia

## ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

Acordo Marco con varios empresarios, suxeito a regulación harmonizada, do servizo de elaboración, produción e plan de medios de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a comunidade autónoma nos anos 2017 e 2018.

**EXPEDIENTE:** AM 1/2017-CD 8/2018

**CAMPAÑA: 25 de xullo, Día de Galicia**

**REFERENCIA ACORDO MARCO:** 2017-04-333/9

**REFERENCIA CONTRATO DERIVADO:** 2017-04-326/4

## ANTECEDENTES

**Primeiro.**

O 30.1.2017 a Secretaría Xeral de Medios, anunciou a licitación do *"Acordo Marco con varios empresarios, suxeito a regulación harmonizada, do servizo de elaboración, produción e plan de medios de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a comunidade autónoma nos anos 2017 e 2018"*

As publicacións do anuncio de información previa e da licitación realizáronse nos DOUE do 7.12.2016 e do 3.2.2017 respectivamente. O anuncio da licitación no Boletín Oficial do Estado foi o 9.2.2017.

O valor estimado do acordo marco é de 2.985.123,97 euros, determinado polo conxunto dos contratos derivados a realizar durante a súa vixencia. As sucesivas licitacións dos contratos derivados son con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461A.640.0 dos orzamentos da Comunidade autónoma para o ano 2017.

**Segundo.**

O 5.5.2017 a Secretaria Xeral de Medios adxudicou o *Acordo Marco do servizo de elaboración, produción e plan de medios de campañas institucionais da Xunta de Galicia en datas relevantes para a comunidade autónoma nos anos 2017 e 2018* nos seguintes termos:

| | | | Prezos unitarios acordo Marco | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Medio** | **Unidade ofertada** | **Formatos** | **Avante Marketing y Medios, SL** | **C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA** | **Canal Uno de Comunicación, SA** |
| Televisión | GRP | Spot de 20" | 106,38 | 105,80 | 106,95 |
| | | Spot de 30" | 159,56 | 158,70 | 160,43 |
| Prensa escrita | Impactos (miles) | Páxina | 25,77 | 25,90 | 25,81 |
| | | Rouba páxinas 4*8 cor impar | 22,06 | 21,18 | 21,59 |
| | | Dobre columna vertical | 10,53 | 11,60 | 10,69 |
| | | ½ Páxina | 17,15 | 14,99 | 17,13 |
| Radio | Impactos (miles) | Cuña de 20" | 4,78 | 4,25 | 4,87 |
| | | Cuña de 30" | 5,35 | 4,99 | 5,50 |
| Edicións dixitais dos medios de comunicación | Impresións (miles) | Banner gráfico | 8,29 | 7,99 | 8,34 |
| Exterior | Unidades | MUPI: fixación semanal | 98,00 | 125,00 | 100,00 |
| Comisión axencia | | | 1% | 1% | 1% |

As partes formalizaron o contrato o 1.6.2017.

**Terceiro.**

O 7.6.2018 a Secretaría Xeral de Medios invitou ás empresas integrantes do acordo marco a presentación de ofertas para o contrato (campaña) do **25 de xullo, Día de Galicia**. O orzamento de licitación da campaña é o seguinte:

| ORZAMENTO LICITACIÓN | | | CAMPAÑA | | | COMISIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IMPORTE | IVE | TOTAL | IMPORTE | IVE | TOTAL | % | IMPORTE | IVE | TOTAL |
| 301.640,72 | 63.344,55 | 364.985,27 | 298.654,18 | 62.717,38 | 361.371,56 | 1,00 | 2.986,54 | 627,17 | 3.613,71 |

| PLAN COMPLEMENTARIO | | | | PLAN MEDIOS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| % | IMPORTE | IVE | TOTAL | IMPORTE | IVE | TOTAL |
| 15,00% | 44.798,13 | 9.407,61 | 54.205,73 | 253.856,05 | 53.309,77 | 307.165,82 |

**Cuarto.**

O 19.6.2018 tivo lugar reunión da mesa de contratación para a revisión da documentación administrativa (sobre A). A mesa acordou que a documentación presentada polas empresas estaba correcta.

De seguido levouse a cabo a apertura dos sobres B (criterios non avaliables mediante a aplicación de formulas), que conteñen os aspectos cualitativos, non avaliables mediante fórmulas matemáticas, das empresas licitadoras admitidas. Nesta xuntanza a mesa acordou **solicitar un informe** aos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios no que se reflictan as conclusións sobre o exame da documentación presentada nos sobres B, así como a correspondente valoración segundo os criterios non avaliables mediante fórmulas matemáticas establecidos na cláusula F da folla de especificacións administrativa.

O informe técnico de avaliación da documentación dos sobres B asinouse o 20.6.2018.

Na reunión do 22.6.2018 a mesa de contratación valorou as ofertas do sobre B (criterios non avaliables mediante a aplicación de fórmulas matemáticas). As puntuacións acadadas polas empresas son as seguintes:

| EMPRESA LICITADORA | PUNTOS (0-50) |
|---|---|
| Avante, Marketing y Medios SL | 25 |
| C Grupo de Empresas de Comunicación, Marketing e Investigación SA | 42,5 |
| Canal Uno de Comunicación SL | 35 |

Continúan na licitación as tres empresas ao acadar a puntuacion mínima esixible de 25 puntos na valoracion dos criterios non avaliables mediante fórmulas matemáticas.

**Quinto.**

O 22.6.2017 a mesa de contratación procedeu a apertura en acto publico dos sobres C (criterios avaliables mediante fórmulas matemáticas). As ofertas presentados foron as seguintes:

| Medio | Unidade ofertada | Tipo | Formatos | Avante Marketing y Medios, SL | C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA | Canal Uno de Comunicación, SA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Televisión | GRP | Spot | 20" | 217,000 | 126,000 | 112,000 |
| | | | 30" | | 43,000 | 58,000 |
| | | Total | Televisión | 217,000 | 169,000 | 170,000 |
| Prensa escrita | Impactos (miles) | Xeneralista | Páxina | | 770,000 | |
| | | | Rouba páxinas 4*8 cor impar | 3.389,000 | 2.172,000 | 2.624,000 |
| | | | Dobre columna vertical | | | |
| | | | ½ Paxina | 2.480,000 | 3.236,000 | 3.887,000 |
| | | Total | Xeneralistas | 5.869,000 | 6.178,000 | 6.511,000 |
| | | Especializada | Páxina | | | |
| | | | Rouba páxinas 4*8 cor impar | | | 188,000 |
| | | | Dobre columna vertical | | | |
| | | | ½ Paxina | 180,000 | 278,000 | |
| | | Total | Especializados | 180,000 | 278,000 | 188,000 |
| | | Total | Páxina | 0,000 | 770,000 | 0,000 |
| | | | Rouba páxinas 4*8 cor impar | 3.389,000 | 2.172,000 | 2.812,000 |
| | | | Dobre columna vertical | 0,000 | 0,000 | 0,000 |
| | | | ½ Paxina | 2.660,000 | 3.514,000 | 3.887,000 |
| | | | Prensa escrita | 6.049,000 | 6.456,000 | 6.699,000 |
| Radio | Impactos (miles) | Cuña | 20" | 11.682,384 | 10.650,770 | 10.966,280 |
| | | | 30" | | 1.519,000 | |
| | | Total | Radio | 11.682,384 | 12.169,770 | 10.966,280 |
| Edicións dixitais | Impresións (miles) | | Banner gráfico | 4.405,000 | 4.425,500 | 4.481,000 |
| Exterior | Unidades | | MUPI | 184 | 215 | 145 |

As puntuacións obtidas no sobre C son as seguintes:

| Medio | Unidade ofertada | Puntuación máxima | Avante Marketing y Medios, SL | C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA | Canal Uno de Comunicación, SA |
|---|---|---|---|---|---|
| Televisión | GRP | 5,00 | 5,00 | 2,39 | 2,45 |
| Prensa escrita: xeneralistas | Impactos (miles) | 24,50 | 12,81 | 18,44 | 24,50 |
| Prensa escrita: especializados | Impactos (miles) | 0,50 | 0,32 | 0,50 | 0,34 |
| Radio | Impactos (miles) | 10,00 | 8,33 | 10,00 | 5,88 |
| Edicións dixitais | Impresións (miles) | 7,00 | 3,70 | 4,59 | 7,00 |
| Exterior | Unidades | 3,00 | 2,15 | 3,00 | 1,09 |
| | *Total puntos* | **50,0** | **32,31** | **38,92** | **41,26** |

A puntuación total acadada polas ofertas dos licitadores, en orde decrecente, resultou a seguinte:

| PUNTUACIONS TOTAIS | C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA | Canal Uno de Comunicación, SA | Avante Marketing y Medios, SL |
|---|---|---|---|
| Total puntos sobre B | 42,50 | 35,00 | 25,00 |
| Total puntos sobre C | 38,92 | 41,26 | 32,31 |
| **TOTAL** | **81,42** | **76,26** | **57,31** |

Nesta reunión a mesa de contratación acordou que a oferta máis vantaxosa foi a acadada pola empresa .C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA e requirlle a documentación prevista prevista na cláusula 5.2.6.7 do PCAP do Acordo Marco.

**Sexto.**

O 22.6.2018 e o 28.6.2018 o órgano de contratación requiriu á empresa coa oferta economicamente mais vantaxosa, C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA, para que presentara a documentación necesaria para adxudicar o contrato.

O 27.6.2018 e o 2.7.2018 a empresa presentou a documentación requirida. O 3.7.2018 a mesa de contratación acordou que a documentación presentada estaba correcta e cumpría cos requirimentos realizados; igualmente acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa ***C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA.***

**CONSIDERACIONS LEGAIS E TÉCNICAS**

- O Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

-A disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

- O *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

- O *Real Decreto 1098/2001,* do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e toda a demais normativa aplicable.

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os pregos de prescricións técnicas (PPT) que rexen este contrato.

- Nos informes técnicos emitidos figuran de xeito detallado as características e vantaxes das propostas admitidas no procedemento.

En consecuencia, de acordo cos informes emitidos e a proposta da mesa de contratación, e segundo o disposto no artigo 151 do *Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público* (TRLCSP),

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Adxudicar este contrato derivado do acordo marco nos seguintes termos:

| | |
|---|---|
| **Empresa** | C Grupo de Empresas de Comunicación Marketing e Investigación SA |
| **Campaña** | 25 de xullo, Día de Galicia |
| **Aplicación orzamentaria** | 04.20.461A.640.0 |

| ORZAMENTO LICITACIÓN | | | CAMPAÑA | | | COMISIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| IMPORTE | IVE | TOTAL | IMPORTE | IVE | TOTAL | % | IMPORTE | IVE | TOTAL |
| 301.640,72 | 63.344,55 | 364.985,27 | 298.654,18 | 62.717,38 | 361.371,56 | 1,00 | 2.986,54 | 627,17 | 3.613,71 |

| PLAN COMPLEMENTARIO | | | | PLAN MEDIOS | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| % | IMPORTE | IVE | TOTAL | IMPORTE | IVE | TOTAL |
| 15,00% | 44.798,13 | 9.407,61 | 54.205,73 | 253.856,05 | 53.309,77 | 307.165,82 |

**Desagregación Plan Medios:**

| Medio | Unidade ofertada | Formatos | Unidades ofertadas | Prezo Unitario oferta (sen ive) | Importe total (sen ive) |
|---|---|---|---|---|---|
| Televisión | GRP | Spot de 20" | 126,00 | 105,8 | 13.330,80 |
| | | Spot de 30" | 43,00 | 158,70 | 6.824,10 |
| Prensa escrita | Impactos (miles) | Páxina | 770,00 | 25,90 | 19.943,00 |
| | | Rouba páxinas 4*8 cor impar | 2.172,00 | 21,18 | 46.002,96 |
| | | Dobre columna vertical | | | |
| | | ½ Paxina | 3.514,00 | 14,99 | 52.674,86 |
| Radio | Impactos (miles) | Cuña de 20" | 10.650,77 | 4,25 | 45.265,77 |
| | | Cuña de 30" | 1.519,00 | 4,99 | 7.579,81 |
| Edicións dixitais | Impresións (miles) | Banner gráfico | 4.425,500 | 7,99 | 35.359,75 |
| Exterior | Unidades | MUPI: fixación semanal | 215,000 | 125,00 | 26.875,00 |
| | | | | | **253.856,05** |

**Segundo.** Publicar a adxudicación no "Perfil de contratante", aos efectos de dar cumprimento ao establecido nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP, e que simultaneamente se lle notifique aos licitadores.

**Terceiro.** Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, de acordo co artigo 156.3 do TRLCSP.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación desta resolución, segundo o disposto o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Potestativamente poderá interpoñer o recurso especial en materia de contratación ao que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles que se contarán a partir do día seguinte a aquel no que se notifique esta resolución, nos termos establecidos no artigo 51 da dita Lei.

De acordo co anterior, e en uso das facultades que me confire a disposición adicional segunda do *Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,*

Santiago de Compostela, 5 XULL. 2018

A secretaria xeral de Medios

Sierra

Mª del Mar Sánchez Sierra

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS